



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO CONSISTENTE NUN EXAME TIPO TEST PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE ENCARGADO/A DA BIBLIOTECA DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 11:00 horas do día 20 de xuño de 2024, reúnense os membros do tribunal cualificador para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, mediante concurso-oposición, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2024-0202, de data 18 de abril de 2024, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 83, do luns 29 de abril de 2024.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María de los Ángeles Fuentes Maquieira, Informadora Xuvenil do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. Celia Frieiro Rodiño, Educadora Familiar do Concello de Meis.

Non se encontra presente Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación definitiva de aspirantes admitidos no proceso:

	APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
1	ABELLÁN SÁENZ DEL CASTILLO ANDER	***7103**	NON
2	BARREIRO FUENTES AINHOA	***8465**	SI
3	CALVO OUTEDA MARÍA DE LOS ÁNGELES	***6854**	SI
4	COSTAS MARTÍN NOA	***8756**	SI
5	FERNÁNDEZ GARCÍA SHEILA	***9964**	SI
6	FERNÁNDEZ REGUERA RAQUEL	***8329**	SI
7	FRAGA VIÑAS JUAN EUGENIO	***2490**	SI
8	GÜMIL BEIRAS ALICIA SOFÍA	***7875**	SI
9	JORGANES VILLANUEVA PATRICIA	***9524**	SI





10	LÓPEZ MIRAGAYA BEATRIZ EUGENIA	***5872**	SI
11	MOTREL LEDE MARÍA DEL CANTO	***7664**	SI
12	OUTEDA RIVAS RITA	***9140**	SI
13	PALLEIRO CARBALLO VERÓNICA	***0051**	SI
14	PEÓN CARRACELAS LÍA	***1358**	SI
15	PÉREZ BUSTELO LAURA	***4300**	SI
16	POUSO IGLESIAS MARÍA JESÚS	***6120**	SI
17	RODRÍGUEZ SILVA FERNANDO	***9486**	SI
18	SÁNCHEZ CABO SHEILA	***9956**	SI
19	SOTO COSTA MARTA	***5968**	SI

A continuación, procédese a realizar o chamamento público das persoas candidatas e unha vez comprobadas a identidades mediante D.N.I., procédese a explicar o primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente nun test de 25 preguntas con 4 respostas alternativas, sobre o temario obxecto da convocatoria, establecéndose un tempo máximo de 45 minutos.

Repartidos os temas entre os distintos membros do Tribunal, cada un aporta diferentes preguntas.

O tribunal exponlle aos candidatos/as que a nota de corte que permite entender superada a fase de oposición será de 5,20 puntos (13 preguntas contestadas correctamente).

Asisten á realización deste primeiro exercicio 12 dos 19 aspirantes admitidos. Tense por iniciada a proba ás 11:02 horas, rematando as 11:47 horas.

Corrixidos os exames dos aspirantes presentados, o Tribunal por unanimidade outorga as seguintes cualificacións:

	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN	APTO/NON APTO
1	ABELLÁN SÁENZ DEL CASTILLO ANDER	***7103**	6,40	APTO
2	BARREIRO FUENTES AINHOA	***8465**	6,40	APTO
3	CALVO OUTEDA MARÍA DE LOS ÁNGELES	***6854**	5,20	APTO
4	COSTAS MARTÍN NOA	***8756**	7,20	APTO
5	FERNÁNDEZ REGUERA RAQUEL	***8329**	6,80	APTO
6	FRAGA VIÑAS JUAN EUGENIO	***2490**	8,00	APTO
7	LÓPEZ MIRAGAYA BEATRIZ EUGENIA	***5872**	6,80	APTO
8	MOTREL LEDE MARÍA DEL CANTO	***7664**	5,20	APTO
9	PALLEIRO CARBALLO VERÓNICA	***0051**	4,40	NON APTO
10	PÉREZ BUSTELO LAURA	***4300**	7,60	APTO
11	SÁNCHEZ CABO SHEILA	***9956**	6,40	APTO
12	SOTO COSTA MARTA	***5968**	5,60	APTO

En virtude do anteriormente exposto, considerando as bases de selección e a nota de corte marcada polo Tribunal, resulta que as persoas que teñen unha puntuación igual ou superior a 5,20 puntos, son APTAS, provisionalmente, ata a publicación das puntuacións definitivas.





O aspirante ABELLÁN SÁENZ DEL CASTILLO ANDER, con D.N.I. número ***7103**, NON acredita na documentación que achega na solicitude o coñecemento do galego. **A estes efectos e de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo, queda convocado ás 11:00 horas do próximo martes día 25 de xuño de 2024, nas Oficinas da Casa Consistorial do Concello de Meis (Avda. Cambados, 67 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba do coñecemento da lingua galega.**

O exercicio constará de dúas probas:

- Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.
- Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego ao castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como **APTO ou NON APTO** e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo. Serán exercicios non aptos aqueles que cometan 20 erros ou máis.

A fase de concurso comezará unha vez finalizada a fase de oposición á que accederán as persoas aspirantes que superasen dita fase.

A estes efectos, **queda convocado o Tribunal cualificador para o martes día 25 de xuño de 2024, as 12:00 horas.**

Consistirá no exame e a valoración dos méritos aducidos no prazo de presentación de instancias. A valoración dos méritos realizarase conforme ao descrito nas bases reguladora do proceso selectivo sen que poidan ser valorados calquera outro mérito distinto. Unicamente valoraranse os contraídos ata a data de finalización do prazo de presentación de instancias. A cualificación dos méritos na fase de concurso e as puntuacións outorgadas publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello, abríndose posteriormente un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións outorgadas na fase de concurso no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis.

As persoas aspirantes dispoñen dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello da acta que contén a listaxe cos resultados provisionais da fase de oposición, para facer as alegacións ou reclamacións que consideren oportunas.

En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.

Sendo as 12:30 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.





CORRECTOR EXAME TIPO TEST. FASE OPOSICIÓN. PROBA SELECCIÓN BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN
ENCARGADO DE BIBLIOTECA

D.N.I nº: _____ (A CUMPRIMENTAR POLO ASPIRANTE)

Primeiro exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 25 preguntas con catro respostas alternativas por pregunta, baseado no contido do temario que figura como Anexo III das Bases esta convocatoria. **O tempo de realización deste exercicio será de 45 minutos.** Neste exercicio as puntuacións serán: • **Pregunta correcta: suma 0,40 puntos.** • **Pregunta incorrecta ou non contestada: suma 0,00 puntos.** Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 10 (dez) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima esixida igual a nota de corte marcada polo tribunal. O tribunal acorda, de conformidade coas Bases que rexen o proceso selectivo, que a **NOTA DE CORTE** que permita entender superada a fase de oposición sexa de **5,20 puntos (13 preguntas contestadas correctamente).**

NOTA: Non empece o exercicio ata que llo indiquen.

1. De conformidade co art. 20 da Constitución Española de 1978 (CE), o exercicio, por exemplo, do dereito para expresar opinións por escrito:

a) Non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa.

b) En todo caso, pode restrinxirse mediante censura previa cando o acordo o Goberno da Nación por motivos de seguridade nacional.

c) Só pode restrinxirse mediante censura previa cando a opinión sexa vertida a través dos medios de comunicación do Estado.

d) Pode restrinxirse mediante censura previa cando os destinatarios da opinión sexan menores de idade.

2. Segundo o art. 1.1 da CE, España constitúese nun Estado que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico...

a) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

b) A liberdade, a xustiza e a libre competencia.

c) A liberdade, a igualdade e o pluralismo político e sindical.

d) A liberdade, a igualdade e a fraternidade.

3. Só un dos seguintes dereitos, de conformidade co disposto no art. 55.1 da CE, poderá ser suspendido en caso de acordarse a declaración de estado de excepción ou de sitio:

a) Dereito de folga.

b) Dereito de petición colectiva.

c) Dereito a obter a tutela efectiva de Xuíces e Tribunais.

d) Dereito de creación de centros docentes.

4. Segundo o art. 24 da CE,

a) Todos os españois teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.

b) Todos os españois e cidadáns membros da Unión Europea teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.

c) **Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.**

d) Ningunha das anteriores é correcta.





5. ¿De que data é o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 14 de marzo de 1983.
- b) 1 de novembro de 1992.
- c) 6 de abril de 1981.**
- d) 24 de abril de 1982.

6. ¿Que tipo de lei regula o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) Un Decreto-lei.
- b) Unha lei do Parlamento de Galicia.
- c) Unha lei orgánica.**
- d) Unha lei ordinaria.

7. De conformidade co art. 22 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), corresponde, en todo caso, ao Pleno do Concello:

- a) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.**
- b) Exercer a xefatura da policía municipal.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

8. De conformidade co art. 26 da LRBRL, os municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes, deberán prestar en todo caso os seguintes servizos:

- a) Transporte colectivo urbano de viaxeiros.
- b) Biblioteca pública.
- c) Protección civil.
- d) Cemiterio.**

9. Entre os dereitos de carácter individual que teñen os empregados públicos, segundo o art. 14 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), non se atopa o dereito:

- a) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- b) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- c) Á intimidade no uso de dispositivos dixitais postos á súa disposición e fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización, así como á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- d) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, sempre dentro do horario laboral.**

10. Conforme ao art. 86 TREBEP, quen preste servizos na súa condición de funcionarios públicos calquera que sexa a Administración ou organismo público ou entidade no que se atopen destinados e non les corresponda quedar noutra situación, acharanse en situación de:

- a) Expectativa de destino.





- b) Servizo efectivo.
- c) Servizos especiais.
- d) Servizo activo.**

11. O TREBEP dispón expresamente no art. 89 que os funcionarios de carreira poderán obter a excedencia voluntaria por interese particular cando prestasen servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante un período mínimo de:

- a) 1 ano.
- b) 5 anos.**
- c) 3 anos.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

12. Segundo o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), ¿cal dos seguintes actos administrativos non é nulo de pleno dereito?

- a) Os que teñan un contido imposible.
- b) Os que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico.**
- c) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- d) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

13. O Sistema Galego de Bibliotecas é o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios existentes en Galicia que, mediante relacións de cooperación e coordinación, actúan en común para proporcionaren servizos bibliotecarios de calidade en beneficio da sociedade galega e integran o Sistema Galego de Bibliotecas:

- a) O órgano de dirección e coordinación do sistema, os órganos de cooperación, asesoramento e participación e a Biblioteca de Galicia.
- b) A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario, as bibliotecas especializadas, e as bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da consellaría competente en materia de bibliotecas.
- c) A e B son correctas.**
- d) Ningunha é correcta.

14. A rede de bibliotecas é:

- a) Unha rede de Bibliotecas Públicas de Galicia agrupadas polo seu ámbito territorial, funcional ou temático co obxecto de crear sinerxías e canles de coordinación dá súa oferta bibliotecaria.
- b) O conxunto de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia.
- c) O conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para ou desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública.**
- d) Ningunha é correcta.

15. Forman parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia:

- a) As bibliotecas de titularidade privada abertas ao público que sexan integradas na rede, logo da solicitude do titular, mediante orde da consellaría competente en materia de bibliotecas que será publicada non Diario Oficial de Galicia.





b) As bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais galegas que soliciten a súa integración e que cumpran os requisitos técnicos necesarios.

c) As bibliotecas de titularidade pública, estatal ou autonómica, situadas dentro do territorio de Galicia.

d) A, B e C son correctas.

16. A definición de biblioteca pública é:

a) Un servizo público básico que ten como finalidade ofrecerlle á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos que posibilitan a información, a educación e a cultura.

b) Unha biblioteca de titularidade pública que cumpre as condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública nunha área cunha poboación de entre 2.000 e 20.000 habitantes, e coordina a súa actividade coa biblioteca central territorial correspondente.

c) Unha biblioteca de titularidade municipal ou concertada que cumpre as condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública, de actividades de difusión sociocultural e de animación á lectura nunha área determinada.

d) O acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos sen informatizar que posibilitan a educación e a cultura.

17. As funcións das bibliotecas públicas son:

a) Atender as específicas necesidades culturais das persoas e dous grupos nos que se integren e promocionar a diversidade cultural e a atención ás variables de idade, sexo e discapacidade.

b) Prestar un apoio activo específico á cultura e á lingua propias de Galicia.

c) Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

d) Todas son correctas.

18. ¿Cal é a plataforma de préstamo en liña de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas?

a) Catálogo galego.

b) GaliciaLe.

c) eBiblioGalicia.

d) Openlibra.

19. O fondo bibliográfico é:

a) Conxunto de documentos bibliográficos reunido en función de criterios obxectivos de valoración sociocultural.

b) Conxunto de documentos bibliográficos reunidos en función de criterios subxectivos de valoración sociocultural ou de conservación.

c) Conxunto de documentos bibliográficos reunidos en función de criterios obxectivos de valoración sociocultural ou de conservación.

d) A, B e C son correctas.

20. ¿En que artigo da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia faise referencia aos “Dereitos e obrigas das persoas usuarias das bibliotecas públicas”?

a) Artigo 23.





b) Artigo 26.

c) Artigo 19.

d) Artigo 24.

21. ¿Cal das seguintes infraccións están consideradas como leves no art. 34 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia?

a) Accións ou omisións que supoñan a perda, a destrución ou a inutilización definitiva de fondos documentais bibliotecarios ou de recursos de información das bibliotecas.

b) A negativa ou a obstrución á actividade inspectora da consellería competente en materia de bibliotecas.

c) A deterioración dolosa do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúe a biblioteca.

d) Non devolver os fondos e os materiais e recursos da biblioteca prestados.

22. Segundo o art. 35 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia, terán a consideración de infraccións graves:

a) O incumprimento das ordes de depósito forzoso.

b) A deterioración dolosa do mobiliario da biblioteca.

c) A deterioración culposa do mobiliario da biblioteca.

d) A e b son certas.

23. ¿Cal é a ferramenta de xestión das coleccións bibliográficas que se usan na Biblioteca do Concello de Meis?

a) Galiciana.

b) Meiga.

c) Koha.

d) Zotero.

24. ¿A que fai referencia o campo 080 na ficha de catalogación BM cando catalogamos un documento non Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia coa ferramenta de xestión bibliográfica Koha?:

a) Número de Clasificación Decimal Universal.

b) Número de copyright ou de depósito legal.

c) Número de control do sistema.

d) Fonte da catalogación.

25. ¿Cal é o nome do Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia?:

a) María Moliner.

b) Ler conta moito.

c) Plan LEA.

d) PLAMBE.





PREGUNTAS RESERVA

1. De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a aprobación do Regulamento orgánico e as Ordenanzas deberá ser realizada por:

- a) O Interventor.
- b) O Alcalde.
- c) A Xunta de Goberno.
- d) **O Pleno.**

2. De acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, poden os Alcaldes delegar a presidencia das sesións dos Plenos Municipais?:

- a) Sempre, á súa vontade.
- b) **Nunca.**
- c) Só tras solicitar autorización previa do Pleno.
- d) Nos municipios de gran poboación.

3. A Constitución Española en vigor sinala ao tratar das persoas españolas e estranxeiras o seguinte:

a) Soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.

b) Soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais.

c) Soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio pasivo nas eleccións municipais.

d) Soamente os estranxeiros serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.

4. Dentro da programación das actividades de animación á lectura dá Biblioteca de Meis, queremos incluír o DÍA do Usuario/a das Bibliotecas en Galicia, polo que debemos fixar esta data no calendario o día:

- a) 24 de febreiro.
- b) **11 de xaneiro.**
- c) 15 de outubro.
- d) Ningunha é correcta.

5. Segundo a ORDE do 18 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2024, como requisitos de participación deberá cumprir:

- a) Ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas do ano 2022.
- b) Ter un horario de apertura ao público dun mínimo de 15 horas semanais.





CONCELLO
DE
MEIS

c) Ter informatizada a xestión da biblioteca ou da axencia de lectura.

d) **Todas son certas.**

